

	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>		amigosdaterra.net
--	--	--	-------------------

**Amigos da Terra**

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º 36202 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: [34] 986 229 089

e-mail: info@ascorcerizas.com

## ENCONTRO SOBERANÍA ALIMENTARIA ALTERNATIVAS LOCAIS PARA UN CAMBIO GLOBAL

A relación que temos cos alimentos e a forma na que os producimos está sometida a presións crecentes. A agricultura a pequena escala está sendo destruída e reemplazada por unha agricultura a gran escala creada por agro-empresas transnacionais. A crisis climática plantea unha ameaza adicional á produción de alimentos, e xunto co crecemento demográfico poñen en risco a soberanía alimentaria das comunidades.

**É preciso construír modelos baseados en solucións agrícolas diversas e localizadas; permitindo á xente decidir e controlar os seus propios sistemas de alimentación. Queremos participar na construción de pontes entre a xente e os seus alimentos; entre aquelas que os producen e consumen. Propoñemos este encontro vertebrado en 2 eixos:**

### PARTE 1: A AGRO-INDUSTRIA E AS SÚAS REPERCUSIÓNS NO MEDIO E NAS COMUNIDADES

- **Quén se beneficia cos cultivos transxénicos? Unha industria baseada en mitos**

Cofeceremos a realidade da produción de cultivos transxénicos a nivel mundial e no caso do Estado español, así como os produtos nos que os consumimos sen proporcionar información.

Faltan datos independentes sobre cultivos transxénicos e gran parte das cifras dispoñibles son suministradas unicamente por órganos da industria. Identificaremos esas grandes diferenzas entre o que se di, do que realmente sucede, en base ás experiencias dos/as pequenos/as labregos/as e as comunidades que viven con cultivos transxénicos.

- **Acaparamento de terras: casos exemplo de Liberia e Indonesia**

O nosos hábitos de consumo inflúen no resto do mundo. Por exemplo, o aceite de palma ademais de ser materia prima na produción de biodiésel, ten un gran uso culinario: como aceite de freír ou aliñar, ou engadido a produtos como margarinas ou xelados. Tamén soe empregarse na elaboración de xabóns ou na produción de piensos para a alimentación animal, que remata nos establecementos para o noso consumo.

A produción de aceite de palma está relacionada co acaparamento de terras perpetrado polas empresas en África, que está aumentando a ritmo acelerado. Cofeceremos o caso dunha comunidade, Jogbahn, en Liberia, que está loitando pola protección das súas terras; a empresa británica Equatorial Palm Oil PLC (EPO) quere facerse co seu terreo sin o seu consentimento.

En Indonesia, a empresa Wilmar Internacional, que conta con grandes accionistas americanos e europeos, continúa comprando aceite de palma de Bumitama Agri, unha empresa que está a operar nunha plantación sen os permisos necesarios e, polo tanto, introducindo aceite de palma ilegal na cadea de suministro.

- **TTIP: o novo asalto da globalización económica**

Cofeces os tratados de libre comercio que se están a negociar e que nos van afectar? Estados Unidos e a Unión Europea negocian en secreto un gran acordo de comercio e inversións; un tratado que tería consecuencias directas nefastas para a nosa alimentación e a protección ambiental, entre outros temas. Veremos cales son as principais diferenzas entre a alimentación en EEUU e na UE e como este tratado pretende ser a vía de entrada de transxénicos e hormonas nos nosos alimentos.

Centos de organizacións ecoloxistas, labregas, sindicatos, etc., están organizadas para loitar fronte a este tratado, veremos que podemos facer desde o local ao global para poñerlle freo.

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibiles  
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*



	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>		amigosdaterra.net
--	--	--	-------------------

**Amigos da Terra**

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º 36202 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: [34] 986 229 089

e-mail: [info@ascorcerizas.com](mailto:info@ascorcerizas.com)

**PARTE 2: DA HORTA AO PRATO. Cociña práctica EcoLóxica e local**

Achegarémonos a unha **alimentación local e de tempada**, centrándonos en alternativas para combinar os alimentos e métodos para conservalos.

Coñeceremos os **impactos que provocan os alimentos que percorren miles de quilómetros** mentres cociñamos alternativas e coñecemos novas recetas. Co obxectivo de xenerar novos canais de distribución para os/as produtores/as locais, promover o emprego no rural baixo uns criterios de comercio xusto, inducir cambios nos hábitos de consumo apostando por unha alimentación máis san e de calidade, e recuperar a importancia de coñecer cando e como se producen os alimentos.

Veremos como o **despilfarro alimentario** supón un agravamento de toda a problemática de produción e de xestión dos residuos. É un asunto de gobernos, de agroempresas; pero tamén de cada unha de nós, que rexeitamos o 40-50% dos alimentos dende os fogares de occidente e eleximos un perfil estético estándar.

Para a cociña práctica contaremos coa colaboración da **especialista en cociña natural Gloria Domecq**.

Contidos (mentres cociñamos): alimentos compatibles, valores nutricionais, deseño de menús equilibrados. As verduras de tempada: como mercaldas, cortalas e diferentes modos de preparación.

- Empada vexetal con millo e centeo de produción galega
- Pan con lévedo nai e centeo
- Filloas de millo e centeo con vexetais
- Bolachas de centeo e mel
- Biscoito de millo e noces sen glutem

Elaboración conservas vexetais: métodos de conservas, seguridade nos procesos de envasado

- Tortitas de castaña doces
- Madalenas de castaña
- Tarta salgada de castaña e cogumelos
- Ensalada con verduras de inverno con salsa de noces

**DESTINATARIAS DO ENCONTRO:**

O encontro está dirixido a calquera persoa, asociación, cooperativa de consumo, empresa, etc., interesada na transición cara unha alimentación sana e sustentable. Tamén para as ONGDs que desexen traballar esta perspectiva de soberanía alimentaria nos seus proxectos de cooperación e/ou de educación para o desenvolvemento.

**HORARIOS E OPCIONS DE INSCRICIÓN**

O encontro terá lugar **en As Corcerizas, do 26 ao 28 de setembro**. Podes inscribirte ao encontro completo ou só a unha das partes. Consulta os horarios e envía a fiche cuberta a [info@ascorcerizas.com](mailto:info@ascorcerizas.com):

**Venres 26 de setembro (Bloque1):**

- 17.00h. Recepción
- 17.30h. Quén se beneficia cos cultivos transxénicos? Unha industria baseada en mitos
- 18.30h. Descanso
- 19.00h. Acaparamento de terras: casos exemplo
- 20.00h. Tempo lecer
- 21.00h. Cea
- 22.30h. Vídeo-debate

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibiles  
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*



	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>		<p>amigosdaterra.net</p>
--	---	--	--------------------------

**Amigos da Terra**

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º 36202 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: [34] 986 229 089

e-mail: info@ascorcerizas.com

**Sábado 27 de setembro (Bloque1 e Bloque2):**

09.15h. Almorzo

10.00h. TTIP: o novo asalto da globalización económica

11.00h. Obradoiro: autoprodución de setas

12.00h. Descanso

12.30h. Da horta ao prato. Alternativas aos “alimentos quilométricos” e ao desplifarro alimentario. Cociña EcoLóxica e local

14.30h. Xantar

16.30h. Cociña EcoLóxica e local

20.30h. Tempo lecer

21.30h. Cea-degustación do cocifado

**Domingo 28 de setembro:**

09.15h. Almorzo

10.00h. Cociña EcoLóxica e local

12.00h. Elaboración de conservas vexetais

14.00h. Xantar

16.00h. Avaliación e despedida

**TARIFAS DO ENCONTRO**

- **Encontro completo: 60€ xeral; 55€ para socios/as de Amigos da Terra.** Inclúe a inscrición, o aloxamento (2 noites no albergue) e a alimentación EcoLóxica (2 pensións completas)
- **Parte 1 ou parte 2: 40€ xeral; 35€ para socios/as de Amigos da Terra.** Inclúe a inscrición nunha das partes, o aloxamento (1 noite no albergue) e a alimentación EcoLóxica (1 pensión completa)

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles  
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*

